

# Do outono preciso á primavera adeus. Unha lembranza das *Estacións poéticas* de Vicente Araguas e Alfonso S. Palomares\*

**Begoña REGUEIRO SALGADO**

Universidad Complutense de Madrid

bregueirosalgado@edu.ucm.es

Otonos impecables e vencidos, invernos larpeiros, caseños, miúdos; primaveras armadas e heroicas, veráns ardentes e perfectos. As *Estacións poéticas* foron citas mensuais coa poesía, que agardaba, fíxese frío ou calor, detrás das portas da Casa de Galicia en Madrid. Coordinadas e deseñadas por Vicente Araguas, naceron do desexo de Alfonso Palomares de facer algo poético na sede da Xunta en Madrid. Dos tempos nos que fora fundador-director de “Leer”, Palomares coñecía a Araguas que, daquela, escribía na revista, e lembrouse del para o seu proxecto poético. Así, ambos os dous compartiron mesa, como mestre de cerimonia e anfitrión, durante as trinta e tres sesións que transcorreron desde que o outono preciso encetou as *Estacións*, o vinte e cinco de outubro de 2006, até que a primavera veu dicir adeus o dezasete de xuño de 2009, cando, co cambio de goberno, Palomares deixou a Casa e foi substituído por Juan Ramón Ónega, motivo polo cal Vicente Araguas tamén marchou, por máis que as tres *Estacións* xa apalabradas se celebrasen.

Durante eses case dous anos, pasaron pola rúa Casado de Alisal oitenta e catro poetas de España e Portugal, de expresión galega, castelá, catalá e lusa, que recitaban en sesións que mesturaban voces de distinta lingua, distinto sotaque, distinta idade e distinta identidade poética. A combinación foi cambiando e, así, atopamos catro etapas distintas con diferentes fórmulas. Durante o primeiro ano, as *Estacións*

foron copadas de voces galegas, e así, até outubro de 2007, cando comezan as “Triloxías” con “Do outono dourado”, non atopamos outras linguas nos recitais. É neste outubro de 2007 cando Araguas decide incorporar voces lusas e castelás ao concerto. Para conseguilo, pon en contacto a Palomares con João de Melo, escritor e agregado cultural da Embaixada portuguesa, que será o encargado de escoller, xunto co Instituto Camões, os poetas portugueses. Así, dende aquel vinte e dous de outubro no que o outono se douraba coa presenza de Helga Moreira, Elena Medel e a galega Yolanda Castaño, até o trinta de setembro do ano seguinte (2008), cando aínda se escoitaba a voz de Fernando Pinto do Amaral, na Triloxía “Do verán lonxano”, os portugueses participaron das sesións. Cando estes marchan, Araguas ten a idea de incorporar voces catalás para manter as Triloxías e, así, o vinte e dous de outubro de 2008, na Triloxía “Do outono trilóxico”, participan un poeta galego, Claudio R. Fer, unha poeta castelá, Amalia Iglesias, e o catalán Manuel Costa Pau. Porén, a presenza dos cataláns non tivo moito éxito, ao que se sumou que a Generalitat non gratificaba economicamente os poetas, fronte ao que facía a Casa de Galicia e o que fixera o Instituto Camões, no caso portugués. Deste xeito, tras un intento que non resultou, as Triloxías pasan a ser “Diloxías” nas que había un poeta en galego e un poeta en español, combinación que permaneceu até o dezasete de xuño de 2009, cando

---

\* Este texto non sería posible sen a colaboración e o apoio de Manuel Pereira Valcárcel, que tivo a idea orixinal e a xentileza de deixala nas miñas mans.

María Lado e Luis Eduardo Aute pecharon as *Estacións* na “Da primavera adeus”. Resumindo, a primeira etapa, só con poetas galegos, iría do vinte e cinco de outubro de 2006 (“Do outono preciso”) ao vinte e sete de setembro de 2007 (“Do verán volvendo”) e constaría de doce *Estacións*; a segunda, a das Triloxías de poetas de expresión galega, castelá e lusa<sup>1</sup>, vai do vinte e dous de outubro de 2007 (“Do outono dourado”) ao trinta de setembro de 2008 (“Do verán lonxano”) e comprende, de novo, doce *Estacións*; a terceira etapa constaría dunha soa *Estación*, “Do outono trilóxico”, celebrada o vinte e dous de outubro de 2008, na que participou un poeta catalán, xunto cun galego e un castelán. A derradeira etapa iría do vinte de novembro de 2008 (“Do outono pletórico”) ao dezasete de xuño de 2009 (“Da primavera adeus”) e é esta a etapa das “diloxías”, oito en total, nas que participan un poeta de expresión galega e outro de expresión castelá.

Como dicía ao principio, foron oitenta e catro poetas os que pasaron polas *Estacións*. Delles, corenta e oito foron galegos, vinte e un de expresión castelá, catorce portugueses e un catalán. Só algún dos poetas de expresión galega repetiron, case sempre asistindo na primeira etapa e, despois, nalgunha das triloxías ou “diloxías”. Os nove poetas recorrentes foron: Miguel Anxo Fernán-Vello (“Do outono preciso” 25/10/2006 e “Da primavera recén” 20/4/2009), Yolanda Castaño (“Do outono preciso” 25/10/2006 e “Do outono dourado” 22/10/2007), Manuel Pereira Valcárcel (“Do outono impecable” 22/11/2006 e “Do inverno miúdo” 18/2/2008), Manuel Vilanova (“Do outono vencido” 19/12/2006 e “Do outono pletórico” 20/11/2008), Manuel Rivas (“Do outono vencido” 19/12/2006 e “Do verán lonxano” 30/9/2008), Maite Dono (“Do outono vencido” 19/12/2006 e “Do outono gustoso” 19/11/2007), Luz Pichel (“Do inverno encetado” 14/1/2007 e “Do inverno caseño” 16/1/2008), Luisa Castro (“Do inverno larpeiro” 21/2/2007 e “Da primavera lusa” 23/4/2008) e María Lado (“Da primavera armada” 18/4/2007 e “Da primavera adeus” 17/6/2009).

Só co visto até aquí, xa poderíamos dicir que a heteroxeneidade foi unha das características máis salientables das *Estacións*; non entanto, as diferentes procedencias son só unha das razóns que permiten facer esta afirmación. Segundo o testemuño de Araguas, os poetas portugueses eran escollidos por João de Melo e polo Instituto Camões, e, para a escolla dos demais, o criterio era o seu “estritamente”. Tal vez, esa sexa a razón de que o perfil dos poetas lusos non coincida, en moitos casos, co dos demais poetas. De calquera maneira, o que me interesa salienta é o feito de que, dende un criterio completamente persoal, se chega a un mosaico de autores que abrangue moitas décadas de poesía galega e castelá e que serve como exemplo das tendencias máis importantes da poesía española dos séculos XX e XXI.

Dada a súa diferenza co resto e a pequena distancia que supón o feito de que o criterio de selección non fose o de Araguas, comezarei falando dos poetas portugueses. Como dixen, son catorce autores, case todos consagrados. Así, temos dous, Antonio Rebordão e Antonio Osorio, nados na década dos trinta; cinco poetas nados nos corenta (Conceição Paulino, Viale Moutinho –que non asistiu e foi substituído por Araguas e João de Melo– o mesmo João de Melo, José Manuel Mendes e Nuno Júdice); da década dos cincuenta tamén hai unha boa representación, pois catro dos poetas pertencen a ela (Helga Moreira, Vergílio Alberto Vieira, José do Carmo e Ana Luísa Amaral). Non obstante, dos anos sesenta e dos setenta só temos un, Fernando Pinto do Amaral, no primeiro caso, e Jorge Reis-Sá, no segundo. Vemos, así, que o percorrido polas xeracións literarias acúrtase no caso dos portugueses.

Ao contrario, no caso dos poetas de expresión galega e de expresión castelá atopamos dende poetas de principios do século XX (caso de Xosé Fariña Jamardo, nado en 1919, ou Luz Pozo Garza, de 1922) até poetas de finais deste século, é dicir, nados nos oitenta, caso de Lucía Aldao e Daniel Salgado, entre os galegos, e de

<sup>1</sup> Hei facer notar aquí que, inda que, na maioría dos casos, as triloxías contaban coa presenza de tres poetas, na triloxía “Do outono gustoso” (19-11-2007) participaron catro (Maite Dono, Conceição Paulino, Benjamín Prado e Antonio Rebordao) grazas á presenza alí de Conceição Paulino a quen tamén se convidou recitar.

Elena Medel e Carmen Jodra, entre os de expresión castelá. No punto intermedio, podemos dicir que as décadas máis abondosas de poetas son as dos cincuenta (quince poetas galegos e seis de expresión castelá) e dos sesenta (once de expresión galega e sete de expresión castelá) (véxase a Táboa 2). Da década dos setenta atopamos oito poetas en galego e tres en español, e, polo outro extremo da táboa, asistiron tres poetas nados na década dos trinta (dous galegos e un de expresión castelá) e dez da década dos corenta (oito en galego e dous en español).

Como é lóxico, nun espectro tan grande de tempo e voces, imos atopar representantes de diferentes correntes da literatura española e galega imperantes nos dous últimos séculos.

Deste xeito, Félix Grande, participante na Triloxía “Do inverno miúdo”, é considerado un dos renovadores da poesía española nos anos sesenta ao mudar dos temas sociais a unha poesía máis esteticista.

Entre os poetas de expresión castelá, tamén esteticistas e do grupo de Novísimos, estiveron Ana Rosetti, Luis Antonio de Villena e Luis Alberto de Cuenca.

Por outra banda, Ada Salas (1965) sitúase na liña poética de José Ángel Valente, e Sofía Rhei (1978) é unha poeta coñecida polos seus textos experimentais e vangardistas.

No conxunto dos poetas de expresión galega, atopamos tamén representantes de distintas correntes. Así, dos poetas estudados dentro da Xeración dos oitenta, atopamos a Xulio Valcárcel e, como representante de Rompente, acudiu Antón Reixa. Catalogado como poeta rupturista, atopamos tamén a Fran Alonso, e a Chus Pato como mostra da transgresión posmoderna dos xéneros literarios. Por último, Maite Dono, Estíbaliz Espinosa ou María Lado serían exemplo dunha poesía que ten como base a fusión das artes (Maite Dono) ou as novas tecnoloxías (Espinosa e Lado). Xunta deles, como dixen, encontramos algúns dos poetas que marcaron o inicio da poesía do século vinte, como Luz Pozo Garza.

Un grupo que, como non podía ser menos, ten unha grande presenza nas *Estacións*, é o Grupo Bilbao de poetas de expresión galega residentes en Madrid. Estes poetas, pertencentes a distintas xeracións, foron poucas veces estudados na

Galicia interior, e, por iso, poucos están catalogados ou adscritos a unha xeración concreta. Os meus estudos sobre a obra de Manuel Pereira Vacárcel déronme a chave para pensar que, a pesar de que será o tempo o que poña a cada un no seu sitio en canto a cronoloxías, si hai unha coordenada xeográfica que fai destes autores un grupo: todos eles viven e escriben en Madrid e todos eles participan na difusión da cultura galega en Madrid, o que, dalgún xeito, tamén marca a súa obra e a súa temática. Do Grupo Bilbao, pasaron polas *Estacións Poéticas* da Casa de Galicia Fermín Bouza Álvarez, Manuel Pereira Valcárcel, Luz Pichel, Maite Dono, Rafa Yáñez, Xavier Frías, Xosé Fariña Jamardo, Verónica Martínez Delgado e o mesmo Vicente Araguas.

Isto lévame a afondar noutro aspecto importante das *Estacións poéticas*: a súa multiculturalidade e a súa interculturalidade. Só o feito de seren recitais de poesía galega en Madrid, no momento no que todos os poetas eran galegos, sería xa unha mostra de multiculturalidade e interculturalidade, dado que o público deses recitais estaba formado por galegos e non galegos, galegofalantes ou non, residentes en Madrid e interesados pola poesía galega. É dicir, era un recuncho de cultura galega no medio de Madrid, no medio de madrileños, que daba pé a un encontro e a unha fusión de dúas culturas. No momento no que se incorporan os poetas lusos e os poetas de expresión castelá, a fusión faise máis patente: cada un recita na súa lingua, cada un vai expresar a súa cultura, pero as culturas aparecen xuntas, comprendéndose e valorándose. O caso dos poetas do grupo Bilbao vai inda un paso máis alá, e supón unha mostra de transculturalidade, posto que estes poetas, galegos ou non, pero de expresión galega (no caso de Frías, por exemplo), incorporaron xa parte dun imaxinario madrileño, ou madrigalego, como o denomina Borobó, que fai que, por exemplo, na obra *Tatuaxes*, de Manuel Pereira, Madrid sexa o protagonista. Tamén outros poetas galegos non residentes en Galicia pasaron polas *Estacións* para amosar unha poesía galega enriquecida con máis cores. Así, Arcadio López Casanova, que vive en Valencia, ou Xosé Lois García, que desenvolve a súa vida en Barcelona. Outro dos trazos de interculturalidade nestes e noutros dos poetas galegos que pasaron polas *Estacións* é o bilingüismo na expresión poética. Así, xunta

aos poetas que só escriben en galego, atopamos outros que escriben en castelán e en galego indistintamente ou segundo o xénero que estean a cultivar (hei dicir aquí que, inda que todos fosen en calidade de poetas, foron poucos os invitados que non escribían nada máis que poesía). Deste xeito, Fermín Bouza Álvarez, Arcadio López Casanova, Estíbaliz Espinosa, Manuel Rivas, Luz Pichel, Luz Pozo Garza, Xosé Álvarez Cáccamo, Luisa Castro, Alfonso Armada, Xavier Frías, Miguel Anxo Murado, Xosé Carlos Caneiro, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé Fariña Jamardo, Fátima Rodríguez, Verónica Martínez Delgado e Marilar Aleixandre utilizan as dúas linguas para a expresión literaria, así como Rafael Yáñez, que está a piques de editar o seu primeiro poemario en castelán, e Manuel Pereria Valcárcel que, inda que escribe en galego, vén de publicar a edición bilingüe de *Tatuaxes*, coincidente nas datas coa súa última obra, *Interior con froiteiro e feridas*, directamente en edición bilingüe.

Falamos xa da mesturanza de estéticas, correntes e xeracións, pero cómpre sinalar tamén a combinación de traxectorias. É certo que case todos os poetas convidados tiñan xa varios libros publicados e mesmo moitos deles recibiran algún premio. Con todo, o feito de que algúns dos poetas estivesen na cúspide da súa

produción (Manuel Pereira, Manuel Rivas, Luis García Montero etc.), outros levaran xa unha vida enteira dedicada aos versos (Luz Pozo Garza, Félix Grande, Fariña Jamardo) e outros estivesen vendo abrollar as súas producións e as súas voces, deu pé a un diálogo interxeracional que se enchía de matices: a loita dos sesenta, o paso ao esteticismo ou a creación multimedia e multiartística de hoxe.

Na suavidade e a temperanza desas tardes de poesía, respirábase, ademais, unha intimidación na que pouco importaba que os poetas fosen máis ou menos coñecidos, máis ou menos mediáticos, porque a poesía con maiúsculas, a calidade poética e o xeito de ver a vida a través das verbas facía que todos fosen iguais, e suscitaba no público o desexo de respirar dese mesmo aire. Por iso, cando Araguas remataba a sesión con esa frase de mestre que nunca esquecerei, “Un pouco de poesía gusta, pero moita cansa”, en realidade, a xente inda quedaba sentada agardando que continuase a maxia.

Xuntanza de voces, de idades, de sotaques, de estéticas, de linguas, para chegar á conclusión de que, arredor dos versos e do respecto, todos temos a mesma esencia e a mesma fame de coñecemento do outro e de beleza. Vicente, Alfonso, grazas.

Táboa 1. As *Estacións poéticas* (Manuel Pereira Valcárcel)

	DATA	TÍTULO	PARTICIPANTES
1	2006/10/25	Do outono preciso	Fermín Bouza Álvarez Miguel Anxo Fernán-Vello Yolanda Castaño
2	2006/11/22	Do outono impecable	Arcadio López Casanova Manuel Pereira Valcárcel Estíbaliz Espinosa
3	2006/12/19	Do outono vencido	Manuel Vilanova Manuel Rivas Maite Dono
4	2007/01/24	Do inverno encetado	Luz Pozo Garza Luz Pichel Luís G. Tosar
5	2007/02/21	Do inverno larpeiro	Xosé M <sup>a</sup> Álvarez Cáccamo Alfonso Armada Luisa Castro
6	2007/03/15	Do inverno lilán	Xulio Valcárcel Medos Romero Rafá Yáñez

	DATA	TÍTULO	PARTICIPANTES
7	2007/04/18	Da primavera armada	María Lado Xavier Frias Miro Villar
8	2007/05/22	Da primavera céntrica	Emma Couceiro Miguel Anxo Murado Xosé Carlos Caneiro (non puido asistir)
9	2007/06/26	Da primavera onte	María do Cebreiro Chus Pato Manuel Álvarez Torneiro
10	2007/07/12	Do verán ardente	Xosé Fariña Jamardo Fátima Rodríguez Xosé Lois García
11	2007/09/12	Do verán volvendo	Xosé Vázquez Pintor Verónica Martínez Delgado Darío Xohán Cabana
12	2007/09/27	Do verán último	Marilar Aleixandre Román Raña Fran Alonso
13	2007/10/22	Triloxías: Do outono dourado	Yolanda Castaño Elena Medel Helga Moreira
14	2007/11/19	Triloxías: Do outono gustoso	Maite Dono Conceição Paulino Benjamin Prado António Rebordao
15	2007/12/18	Triloxías: Do outono que estoupa	Xesús Rábade Paredes Lola Velasco Viale Moutinho (substituído por João de Melo e Vicente Araguas)
16	2008/01/16	Triloxías: Do inverno caseño	Luz Pichel Luis Muñoz José Manuel Mendes
17	2008/02/18	Triloxías: Do inverno miúdo	Manuel Pereira Valcárcel Félix Grande José Manuel Vasconcelos
18	2008/03/25	Triloxías: Do inverno marchoso	Xavier Seoane Carmen Jodra Davó Jorge Rei-Sá
19	2008/04/23	Triloxías: Da primavera lusa	António Osório Ignacio Elguero Luisa Castro
20	2008/05/23	Triloxías: Da primavera heroica	Lucía Aldao Luis García Montero Nuno Júdice
21	2008/06/25	Triloxías: Da primavera estraña	Mario Regueira Vergílio Alberto Vieira Luis Alberto de Cuenca
22	2008/09/15	Triloxías: Do verán perfecto	Julia Piera Daniel Salgado Ana Luísa Amaral
23	2008/07/15	Triloxías: Do verán carricanta	Henrique Rabuñal Marta López Vilar José do Carmo Francisco

	DATA	TÍTULO	PARTICIPANTES
24	2008/09/30	Triloxías: Do verán lonxano	Fernando Pinto do Amaral Almudena Guzmán Manuel Rivas
25	2008/10/22	Triloxías: Do outono trilóxico	Claudio Rodríguez Fer Amalia Iglesias Manuel Costa-Pau
26	2008/11/20	Do outono pletórico	Manuel Vilanova Ana Rossetti
27	2008/12/19	Do outono espilido	Antón Reixa Luis A. de Villena
28	2009/01/22	Do inverno agardado	Ramón Caride Ogando (coa participación da súa neta Sara Caride) Ada Salas
29	2009/02/18	Do inverno espido	Manuel Forcadela Jesús Munárriz
30	2009/03/17	Do inverno emigrante	Eva Veiga Juan Carlos Mestre
31	2009/04/20	Da primavera recién	Miguel Anxo Fernán-Vello Sofía Rhei
32	2009/05/18	Da primavera noiva	María Xosé Queizán Luis Suñén
33	2009/06/17	Da primavera adeus	María Lado Luis Eduardo Aute

Táboa 2. Clasificación dos poetas por lingua literaria e xeración (Begoña Regueiro)

	GALEGOS	CASTELÁNS	LUSOS	CATALÁNS
10 <sup>s</sup>	Xosé Fariña Jamaro (1919)			
20 <sup>s</sup>	Luz Pozo Garza (1922)			
30 <sup>s</sup>	M. Xosé Queizán (1939) Manuel Álvarez Torneiro (1932)	Félix Grande (1937)	Antonio Rebordão (1933) António Osório (1933)	Manuel Costa Pau (1936)
40 <sup>s</sup>	Xesús Rábade Paredes (1949) Manuel Vilanova (1944) Luz Pichel (1946) Fermin Bouza Álvarez (1946) Arcadio López Casanova (1942) Xosé Lois García (1945) Xosé Vázquez Pintor (1946) Marilar Aleixandre (1947)	Jesús Munárriz (1940) Luis Eduardo Aute (1943)	Conceição Paulino (1945) Viale Moutinho (1945) João Melo (1949) Nuno Júdice (1949)	
50 <sup>s</sup>	Medos Romero (1959) Chus Pato (1955) Xavier Seoane (1954) Darío Xohán Cabana (1952) Manuel Rivas (1957) Claudio R. Fer (1856) Antón Reixa (1957) Ramón Caride Ogando (1957) Manuel Forcadela (1958) Miguel Anxo Fernán-Vello (1958) Manuel Pereira (1955) Luis G. Tošar (1952) Xosé M <sup>a</sup> . Álvarez Caccamo (1950) Alfonso Armada (1958) Xulio Valcárcel (1953)	Luis García Montero (1958) Luis Alberto de Cuenca (1950) Ana Rosetti (1950) Luis Antonio de Villena (1951) Juan Carlos Mestre (1957) Luis Suñén (1951)	Helga Moreira (1950) Vergílio Alberto Vieira (1950) José do Carmo (1951) Ana Luísa Amaral (1956)	

	GALEGOS	CASTELÁNS	LUSOS	CATALÁNS
60 <sup>s</sup>	Miro Villar (1965) Román Raña (1960) Fran Alonso (1963) Maite Dono (1969) Luisa Castro (1966) Henrique Rabuñal (1962) Eva Veiga (1961) Xavier Frías (1965) Miguel Anxo Murado (1965) Fátima Rodríguez (1961) Xosé Carlos Caneiros (1963)	Benjamín Prado (1961) Lola Velasco (1961) Luis Muñoz (1966) Ignacio Elguero Olavida (1964) Almudena Guzmán (1964) Amalia Iglesias (1962) Ada Salas (1965)	Fernando Pinto do Amaral (1960)	
70 <sup>s</sup>	Yolanda Castaño (1977) Verónica Martínez Delgado (1976) Mario Regueira (1979) María Lado (1979) Estíbaliz Espinosa (1974) Rafael Yáñez (1979) Emma Couceiro (1977) María do Cebreiro (1976)	Julia Piera (1970) Marta López Villar (1970) Sofía Rhei (1978)	Jorge Reis-Sá (1973)	
80 <sup>s</sup>	Lucía Aldao (1982) Daniel Salgado (1981)	Elena Medel (1985) Carmen Jodra (1980)		